

PREGUNTAS FRECUENTES RELATIVAS Á CONVOCATORIA DE AXUDAS Á ETAPA DE FORMACIÓN PREDOUTORAL 2023

1. Na guía informativa que fixo a USC da convocatoria de axudas predoutorais 2023, indícase que o prazo máximo para compartir a documentación é o 04/09/2023. ¿Aplicase tamén o mesmo ó informe da CAPD?

O prazo indicado refírese tamén a ese informe. Podería sufrir modificacións en función do día da publicación da convocatoria no DOGA, débese ter en conta que se o prazo de finalización de solicitudes rematara antes do día 18 de setembro, a USC veríase con dificultades de presentar todas as solicitudes de todas as persoas candidatas.

Dentro de ese prazo habería que presentar todos os documentos requiridos na convocatoria. Entendemos perfectamente a inxerancia pola data, pero debemos lembrar que isto é decisión da Xunta de Galicia.

A flexibilidade na data de presentación de documentación virá determinada pola data da publicación da convocatoria no DOGA, xa que a USC non pode arriscarse a que as solicitudes das persoas candidatas non sexan presentadas.

2. Se o candidato tivera máis dun/a director/a de tese, ¿Son necesarias ambas sinaturas nos documentos?

Non, únicamente debe asinar o que figura como director de tese principal, e ademais será a persoa que asine todos os documentos onde se pida que sexa a persoa directora a que asine.

3. ¿A nota media debe ser calculada pola persoa candidata á axuda?

Non, so é necesario achegar ao XACUS os expedientes académicos onde figure a nota media do expediente nun único pdf. Se o título de Grao e Máster son da USC non fai falla achegar ningún documento. Tan so se achegan documentos no caso de títulos obtidos fora da USC.

4. Cando se cubren os documentos hai unha opción na que se debe elixir entre a "Secretaría Xeral de Universidades" e a "Axencia Galega de Innovación", ¿cal é a correcta?.

Debe marcar a **Secretaría Xeral de Universidades** se vai presentar a súa solicitude a través da USC.

5. O plan de investigación está en Castelán, ¿é necesario a súa tradución?

Non hai problema en presentalo en Castelán.

6. En canto a memoria de adecuación do proxecto ao RIS3 de Galicia. ¿É necesario que se explique por separado a adecuación do proxecto ou basta con que sexa unha valoración xeral?

Si, é necesario realizar unha explicación no formulario "5966_gl.doc" que puxo a área de investigación da USC na súa paxina web, a disposición das persoas candidatas, no apartado: "DESCRIPCIÓN DA ADECUACIÓN DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN AS LIÑAS ESTRATÉXICAS"

7. Na declaración de interese, cando se dispón dunha titulación de Grao de 300 créditos ECTS, ¿márcase que non se ten máster?

No caso de títulos de Grao de 300 créditos ECTS (Medicina, Farmacia, Veterinaria, etc..) non fai falla achegar máster, pódese marcar que non se dispón desa titulación xa que non afecta a validez da solicitude. Olo, as titulacións de dobre grado non se consideran unha única titulación polo que a persoa interesada deberá decidir por cal das titulación que forman o dobre grado se presenta.

8. En canto o informe da CAPD, ¿hai un modelo tipo ou pode valer o informe completo do plan de investigación que se descarga directamente da Secretaría Virtual?

Pode valer o modelo que se descarga da Secretaría Virtual do alumnado sempre que figure a data da súa aprobación e veña asinado por vostede e polo director/a de tese.

9. O certificado relativo a persoa designada para dirixir a tese, no caso de non cumprir ningunha das condición, ¿debemos envialo igualmente asinado ou non sería preciso cubri-lo?

Si. Dito certificado é un requisito da convocatoria polo que resulta imprescindible presentar o Anexo IV cuberto e asinado.

10. ¿Pode un director/a de tese avalar mais dunha candidatura?

Si, non hai problema.

11. ¿Poden presentarse a esta convocatoria as persoas que remataran os estudos de máster neste curso e se matriculen no programa de doutoramento en setembro de 2023?

En principio **non**, xa que o borrador da convocatoria establece claramente que se debe estar matriculado nun programa de doutoramento no curso 22/23.

Sen embargo, agardaremos a que se publique a convocatoria no DOGA por se houberse algún cambio.

12. Debido a dificultade de conseguir algunhas sinaturas no mes de agosto, algúns documentos están sendo asinados con anterioridade á convocatoria. ¿Son válidos?

Non. Os documentos deben ser asinados dentro do periodo de apertura do prazo de solicitudes xa que é o legalmente correcto.

13. Solicitei a beca da USC co banco Santander, ¿teño que facer mención disto na solicitude?

Si, debe indicalo.

14. Son un estudante extranxeiro e estou matriculado nun programa de doutoramento da USC. Os meus títulos de Grao e posgrado son doutro país. ¿é necesario presentar certificado de equivalencia da nota media?

Si. Debe presentar o certificado de equivalencia de nota e o certificado do expediente académico das titulacións.

15. Son estudante de doutoramento e teño grupo de investigación e director/a de tese, pero aínda non enviamos o proxecto á CAPD, gustárame saber, se finalmente non é aprobado, qué acontecería?

Se vostede non cumpre os requisitos establecidos na convocatoria non poderá asinar o contrato.

16. En canto a memoria de adecuación, ¿pódese vincular o proxecto a diferentes liñas estratéxicas?

Si. Debes indicar únicamente un reto, no reto podes relacionalo con diferentes líneas de estratexia, pero en todo caso deberás tamén escoller unha línea de estratexia vinculada ao reto escollido.

17. O certificado de grupo, ¿refírese ao grupo do titor ou o solicitante tamén debe estar integrado nun grupo de investigación da USC?

Si. O certificado de grupo refírese ao director da tese.

18. Se a titulación de grao e máster é da USC, ¿hai que subir o Anexo V ó intercambio de documentos?

Non. Neste caso achegaremos de oficio un anexo V a través do intercambio de documentación de XACUS. Recibirá un correo electrónico informandolle de que xa dispón de dito documento no XACUS.

19. ¿Hai límite de solicitudes por grupo de investigación?

Non.

20. Na plataforma XACUS hai que cargar varios documentos:

- ¿O certificado de grupo hai que cargalo aínda que o grupo non tivera financiamento de 2019 a 2022 e polo tanto non se pode marcar ningunha condición específica?
- Se fixen os estudos na USC, ¿hai que cargar a certificación académica?
- ¿A declaración responsable é preciso cargala cando xa estiven matriculada no programa de Doutoramento neste curso 2022-2023?.

- Dispón de titoriais na web de investigación, se non cumple ningún dos ítems do certificado de grupo **NON** debe achegar nada, dito certificado é sumatorio na puntuación final no caso de acadar algún deses ítems que ven reflectido no formulario.

- **Non** ten que achegar ningún certificado académico se fixo todos os seus estudos na USC, únicamente aqueles que non fosen feitos na USC (revise os titoriais debido a que ven explicado con detalle)

- **Si**, a declaración responsable hai que cargala igualmente.

21. Con respecto aos méritos: en primeiro lugar, o ano pasado obtiven a bolsa de colaboración do Ministerio, finalizado o prazo desde a USC enviáronme un certificado acreditativo. ¿Este sería o documento que teño que presentar?

Ademais de indicalo na soliciutde, debes presentar a acreditación do Ministerio.

22. Respecto a presentación do plan de investigación, eu son alumna do segundo ano, o plan de investigación que teño que adxuntar é que o que subin no seu momento a secretaria virtual? ou podo modificar algo?

Si. Debes presentar o que tes aprobado, toda modificación no plan de investigación debe ser aprobado pola CAPD.

23. Se estou cursando un máster agora mesmo, podería realizar a solicitude ou non? Xa que no momento de realizar a declaración de interese inicial é necesario ter superados 300 créditos. Eu ata xullo non vou ter o título do máster.

Non. Según establece o borrador da convocatoria debes estar matriculado/a nun programa de doutoramento relativo ao curso 2022-2023, para esta convocatoria. Non obstante haberá que agardar á publicación da convocatoria no DOGA por se houberse algunha modificación ao respecto.

24. En el ANEXO III, hay que indicar si has solicitado otras ayudas predoctorales. ¿Es necesario indicar el importe de las ayudas si están en estado PENDIENTE?

Si, hay que indicar si has solicitado otras ayudas. Si no sabes el importe deja sin cubrir el campo.

25. Buenos dias. Respecto al plan de investigación, ¿se necesita la firma del director, del tutor o de los dos (en el caso que fueran dos profesores diferentes)?

Deben asinar o director e o interesado.

26. Nos hace falta subir desde el primer momento la acreditación de los idiomas? Porque algunos vamos a presentarnos a lo largo de este mes a los exámenes de nivel, y no nos darán el documento oficial hasta principios del mes que viene"

Debe adjuntar dicho certificado de idiomas desde el primer momento en su solicitud, si no adjunta el documento dentro del periodo de plazo de solicitudes no habrá posibilidad de adjuntarlo en la fase de subsanación o mejora de la solicitud.

27. Cómo se obtiene el certificado de grupo? Nos lo tiene que dar nuestro IP?

Hai un modelo disponible para o certificado de grupo na web de investigación que deberedes cubrir según as indicacións establecidas e subir á plataforma XACUS asinado polo director e o coordinador do grupo. Posteriormente se vos devolverá asinado pola Área de Investigación, e seredes avisados a través dun correo electrónico para a súa descarga desde o XACUS.

28. ¿Este año existe una nota mínima para poder presentarse?

Si. A nota mínima ven recollida na convocatoria de axudas predoutorais da Xunta de Galicia. Ten a súa disposición a convocatoria na [web de investigación](#).

29. Entón, se fixemos o grao e o máster fora da USC cómo teño que proceder?

Debe achegar nun único documento pdf os certificados académicos do grao e do máster a través do **XACUS**, para que revisada a documentación, o servizo de Xestión Académica da USC poda elaborar o Anexo V que se vos achegará de oficio a través do intercambio de documentación da plataforma **XACUS**. No momento que esté disponible enviarasevos un correo electrónico indicando que dispoñedes no **XACUS** de dito documento para a súa descarga e presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

30. Bos días, gustaríame saber se hai un límite de solicitudes que se poidan facer por grupo de investigación".

Non hai límite de solicitudes por grupo de investigación.

31. Para a valoración do nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira para esta convocatoria vou presentar un título nivel B1 de inglés e outro de B2 de alemán (en ambos os dous títulos figura expresamente o nivel alcanzado de acordo co Marco común europeo de referencia para as linguas). Podo recibir puntuación por calquera dos títulos citados? Esta puntuación podería sumarse?

Segundo o artigo 10 das bases desta convocatoria, o nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira puntuarase a partir do nivel B2 ou equivalente. Polo tanto, o seu título de nivel B1 de inglés non recibiría puntuación, a diferenza do título B2 de alemán, que podería obter unha puntuación de 2 puntos. En caso de que vostede presentara varios certificados de linguas diferentes (pero non dunha mesma lingua) poderían sumarse ata chegar un máximo de 7 puntos. Lembre, en todo caso, que non se considerará lingua estranxeira a do país de orixe ou de nacionalidade.

32. 4. A persoa candidata vai obter un título C1 de inglés en data posterior ao termo do prazo de entrega de solicitudes para esta convocatoria. Podería entregar este título con posterioridade a dito prazo como emenda ou mellora voluntaria de solicitude?

Non, ao tratarse dun mérito puntuable, o dito certificado deberá ser enviado antes do remate do prazo de entrega de solicitudes para esta convocatoria. No caso de aclaración ou emenda da información e/ou documentación achegada coa solicitude, esta deberá referirse, como máximo, á data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

33. É imprescindible estar matriculada nun programa de doutoramento para o curso 2022/23 para poder optar a esta axuda? En vez de estar matriculada, valería un certificado da miña universidade onde indique que, no caso de que o meu expediente obtivese a axuda, eu non tería problemas para matricularme no programa doutoramento para o curso 2023/24?

Nesta convocatoria, segundo o artigo 2.4.b) é obrigatorio estar matriculada nun programa de doutoramento dunha universidade do SUG para o curso 2022/23 e a matrícula terá que estar formalizada necesariamente a tempo completo antes da sinatura do contrato (se no momento de presentar a solicitude é a tempo parcial e a persoa resulta seleccionada nestas axudas, deberá cambiar a tempo completo antes da sinatura do contrato). Ademais, entre a documentación que debe achegarse xunto coa solicitude, segundo o artigo 6.1.c), deberá presentar unha certificación da universidade na que está matriculada a persoa candidata, asinada pola persoa titular da vicerreitoría competente en materia de investigación ou persoa na que delegue,

conforme o modelo normalizado do anexo V, na que conste, entre outros aspectos, o programa de doutoramento no que está matriculada no curso 2022/23.

34. Podo presentarme a esta convocatoria se eu, como persoa candidata, non teño ningún dos méritos especificados no apartado 1.b) do artigo 10?

Non é obrigatorio que a persoa investigadora cumpra con algún dos requisitos especificados, xa que estes refírense á persoa designada para dirixir ou codirixir a tese. Ao tratarse dun mérito é algo opcional. Fíxese ben que no caso de pertenza a un equipo de investigación do que forme parte unha persoa investigadora beneficiaria dunha axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC) non hai unha periodización definida.

35. Quero presentarme a estas axudas pero o obxecto da miña investigación non ten adecuación posible coa RIS3 Galicia, podería presentarme igual?

Si pode presentarse. A convocatoria indica no seu artigo 6.2 que, para acreditar os méritos que se aleguen, haberá que achegar, entre outros, unha memoria de adecuación do proxecto á RIS3. Agora ben, ao tratarse dun mérito e non dun requisito, a presentación desta memoria é voluntaria. Polo tanto, vostede pode concorrer a estas axudas sen presentar a dita memoria.

36. Eu estiven de baixa maternal no ano 2017, podo acceder á axuda acreditando un título de licenciatura anterior ao 1 de xaneiro de 2019?

Si, o artigo 2 prevé supostos de excepcións para cumprir o requisito de obtención do título de licenciatura que, en todo caso, deberá ser igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2016. Estes requisitos están detallados na letra d) do artigo 2.4 (persoas con maternidade, discapacidade \geq 33% ou que sufriran unha enfermidade grave).

37. É obrigatorio estar matriculado nun programa de doutoramento ou é suficiente con achegar un compromiso de matriculación como na convocatoria do ano 2022?

Na convocatoria 2023 é obrigatorio estar matriculado nun programa de doutoramento para o curso 2022/23. Terá que estar formalizada a tempo completo antes da sinatura do contrato.

38. Esta convocatoria, previsiblemente, vaise resolver no último semestre/trimestre do ano 2023. Que sucede coas persoas que se matricularán nun programa de doutoramento para o curso 2023/24? Poden concorrer a esta convocatoria?

Á convocatoria do ano 2023 só poden concorrer as persoas matriculadas no curso 2022/23. A convocatoria do ano 2024, previsiblemente, terá en conta as persoas matriculadas no curso 2023/24, para que non haxa ningunha promoción que se quede sen a posibilidade de concorrer a estas axudas.

39. É unha obriga marcar a estadía de investigación no formulario de solicitude? As estadías pódense facer en menos de 3 meses (na mesma ou en distintas zonas)?

No contexto desta convocatoria, se opta por unha axuda para estadía deberá indicalo no formulario de solicitude: se non o fai considerarase que non solicita estadías. Neste senso é importante que teña en conta que simplemente bastará con que indique neste formulario a zona na que pensa desenvolver a estadía. Por outra banda, o período de desenvolvemento das estadías non poderá ser inferior a 3 meses, será continuado, terá que realizarse entre o 01.10.2024 e o 30.09.2025 e so poderá realizarse nun único centro receptor.

40. Se escollo como destino para desenvolver as estadías a zona 2 (Europa -agás Portugal e Andorra-, África ou América -agás EUA e Canadá-), podería cambiar de zona xeográfica con posterioridade?

Non se debería: os orzamentos da resolución fanse en función das zonas de estadía seleccionadas polas axudas concedidas. Unicamente por circunstancias excepcionais sobrevidas, correctamente xustificadas, poderíase presentar unha petición na que se solicite un cambio de zona. Agora ben, podería realizarse un cambio a unha zona de menor contía (por exemplo da zona 2 á zona 1, pero en ningún caso sería posible cambiar o desenvolvemento da estadía a unha zona de maior contía). O cambio deberá contar co informe favorable da entidade na que está contratada e coa autorización expresa da Secretaría Xeral de Universidades ou da Axencia Galega de Innovación, segundo corresponda.

41. A memoria de adecuación do proxecto de investigación á Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia é obrigatoria, ten algunha extensión mínima ou máxima ou debe conter algúns aspectos determinados?

A presentación desta memoria é opcional. Aínda que o seu formato é libre, recomendamos empregar o modelo que poderá atopar nas respectivas páxinas web da Axencia Galega de Innovación e da Secretaría Xeral de Universidades. O artigo 6.2.b) das bases da convocatoria especifica que deberá estar asinada pola persoa candidata e pola persoa designada para dirixir a tese e deberán constar, de forma obrigatoria, a totalidade dos seguintes aspectos: – Título do proxecto de investigación – Resumo indicativo do proxecto de tese de doutoramento (cun máximo de 50 palabras) – Reto (marcarase só un único reto) – Prioridade (marcarase só unha única prioridade) – Ámbito de priorización correspondente ao reto indicado (marcarase só un único ámbito, que teña relación co reto e prioridade seleccionadas). A omisión dalgún dos aspectos citados suporá que esta memoria non será puntuada.

42. A duración das axudas agora é de 4 anos. Que pasa se leo a tese e obteño o título de doutoramento antes dos 4 anos? Teño que renunciar á axuda?

Non terá que renunciar á axuda. Segundo o artigo 2.3, se vostede obtén o título de doutora ou doutor antes do inicio do último ano de contrato, poderá acceder a un novo contrato de capacitación para a formación posdoutoral coa conformidade da entidade beneficiaria da axuda, que, segundo o artigo 13 das bases da convocatoria, deberá ser a tempo completo e cunha duración máxima dun ano. A súa entidade deberá formalizalo a partir do día seguinte ao acto de defensa e aprobación da tese de doutoramento.

43. Se obteño o título de doutoramento despois de iniciado o último ano do contrato, pode acceder ao contrato de capacitación para a formación posdoutoral?

Non poderá. Segundo o artigo 13 das bases da convocatoria, para poder acceder ao contrato de capacitación para a formación posdoutoral deberá obter o título de doutoramento antes do inicio do último ano de contrato. Polo tanto, se obtén o grao de doutoramento nestas circunstancias deberá renunciar á axuda ao día seguinte da lectura da tese.

44. No caso de obter a axuda, poderíanse pedir anticipos para o seu pagamento?

Esta convocatoria non prevé o pagamento de anticipos.

45. Cando comezarán os contratos derivados destas axudas?

A partir do día 1 de decembro de 2023. Esta data quedará fixada na correspondente resolución de adxudicación.

46. No caso de obter a axuda, podería renunciar antes da finalización dos 4 anos de contrato?

Si. O mecanismo das renuncias figura no artigo 17 das bases da convocatoria: a entidade beneficiaria deberá informar á Axencia Galega de Innovación, enviando un escrito motivado asinado pola persoa contratada, nun prazo máximo de 15 días desde que esta se produza.

47. Quedei na lista de espera destas axudas. Podería acceder a estas?

Si, se algunha das persoas contratadas inicialmente renuncia antes do 31 de decembro de 2023. Se se dera este caso poderase adxudicar unha nova axuda de acordo coa prelación sinalada na lista de espera do órgano instrutor no que se producira a renuncia (isto é, a lista de espera das solicitudes procedentes do Sistema Universitario de Galicia e independente da lista de entidades alleas a este).